

ASISTENTES:

Grande Seara, Pablo  
Ibañez Paz, Regina  
Lorenzo Merino, Fernando  
Mariño de Andrés, Ángel  
Martínez Táboas, M<sup>a</sup> Teresa

Allegue Aguete, Pilar  
Aneiros Pereira, Jaime  
Dávila Millán, Encarna  
Domínguez rubira, Carmen  
Fernández Docampo, Belén  
García Rodríguez, Fátima  
García Mosquera, Marta  
Ibañez Paz, Regina  
Mariño de Andrés, Ángel  
Menéndez García, Pablo  
Orge Míguez, José Carlos  
Pita Grandal, Ana M.  
Rodríguez Damián, Amparo  
Ruíz Hidalgo, Carmen  
Vicente Remesal, Javier de

Muleiro Parada, Luis Miguel

Iglesias Prado, Elena  
López Prieto, M<sup>a</sup> Nieves

Barreiro Carril, M<sup>a</sup> Cruz

Billordo Cerruto, Nadia Gabriela  
Cordo Gómez, Sara  
García Vilas, Silvia  
González Faro, Ángela Soledad  
Piñón Ventín, Paula  
Rodríguez Barsce, Candelaria  
Senra Francisco, Lorena del C.

Ás 12:00 horas do día 11 de marzo de 2010, deu comezo no Salón de Graos da Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo unha reunión ordinaria, en segunda convocatoria, da Xunta de Facultade, coa seguinte orde do día:

1.. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (achegarase por correo electrónico).

2.. Informes do Sr. Decano.

3.. Toma de decisión sobre a reactivación do máster en Xestión e Dirección Laboral, para o curso 2010/2011.

4.. Toma de decisión sobre o límite de prazas para o curso 2010/2011, no Grao en Dereito, e no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos; e sobre o acceso a segundo ciclo da Licenciatura en Dereito.

5.. Aprobación, se procede, da oferta de materias de libre elección, para o curso 2010/2011.

6.. Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) para o curso 2010/2011, da Licenciatura en Dereito (Rama Económico-Empresaria), e do Grao en Dereito (achegarase proposta por correo electrónico).

7.. Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA), para o curso 2010/2011, da Diplomatura en Relacións Laborais, e do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (achegarase proposta por correo electrónico).

8.. Rogos e preguntas

No primeiro punto da orde do día, aprobouse por asentimento a acta da reunión ordinaria precedente, do día 17 de decembro de 2009.

No segundo punto, o Sr. Decano informou das seguintes cuestións:

- a) Desculpan a súa ausencia a esta reunión da Xunta de Facultade, os profesores que a continuación se relacionan: Dona Almudena Bergareche Gros, Dona Esther González Pillado, Dona Pilar Trigo, Dona Ana Esther Castro, e Dona Helena Martínez Hens.
- b) Felicita a profesora Dona Esther González Pillado pola obtención da cátedra de Dereito Procesual, e da a benvida a profesora Dona Regina Ibañez Paz como novo membro do equipo decanal, agradecéndolle o traballo que xa comenzou a prestar no programa de mobilidade Erasmus.
- c) O SGIC foi evaluado pola ACSUG de forma positiva, pero condicionado nalgúns aspectos. A comisión de Calidade do Centro fixo as correccións oportunas, sendo aprobadas na Comisión Permanente reunida o día 5 deste mes, co fin de que poida ser remitido a unha nova avaliación polo devandito órgano.
- d) O Sr. Decano cédelle a palabra o Sr. Videcano de Docencia para que faga unha breve referencia sobor da conferencia de Decanos de Dereito celebrada recentemente na cidade Valencia. O Prof. Don Pablo Grande dí que o principal asunto versou sobre o borrador do Regulamento de acceso as profesións de avogados e procuradores, que foi modificado, por mor das alegacións presentadas polo Consello Xeral da Abogacía e da Conferencia de Decanos de Dereito. Nel engadíuse que xa non se prevé a necesidade dun máster universitario, senon dun curso de formación organizado polas Escolas de Práctica Xurídica a través dun convenio coas universidades, para o acceso as citadas profesións. Por outra banda, no borrador do Regulamento prescribíse que para tal acceso é necesario que os graos teñan o 80% de contidos en materias xurídicas Polo que hai que quedar a espera da decisión que tomen os Ministerios de Educación e Xusticia.

O terceiro punto da orde do día, tráese a esta Xunta, por mor dun oficio remitido pola Vicerreitoría de Titulacións, no que se solicita ao centro, un pronunciamento para o curso 2010/11 sobor do POP en *Xestión e Dirección Laboral*. Esta cuestión foi tratada nesta Xunta fai un ano, ónde se adoptou o acordo da súa suspensión contra a vontade do Prof. D. Jaime Cabeza. Prosigue o Sr. Decano a dicir que sería bo para a nosa facultade a súa continuidade, pero o principal problema sigue sendo a necesidade de docentes cualificados para impartilo, aínda que brinda toda axuda posible en canto as infraestruturas do Centro. Seguidamente, foi sometida a votación a suspensión do devandito POP, e foi aprobada por asentimento.

No cuarto punto, foron sometidas a votación a oferta de 80 prazas en cada un dos graos de Dereito e de Relacións Laborais e Recursos Humanos para o vindeiro curso 10/11. E o mantemento do cupo

de 25 prazas para o acceso ao segundo ciclo da licenciatura en Dereito. Que foron aprobadas por asentimento.

No quinto punto aprobouse por asentimento a seguinte oferta de materias de Libre elección para o curso 10/11: *Constitución Europea, Economía Laboral, Delincuencia económico-empresarial, Criminoloxía E Dereito Penal de menores, Introducción o Dereito Público Galego, Introducción o Dereito Privado Galego e Práctica Fiscal*. Ésta última materia mantense a pesares da renuncia previa formulada pola profa, Dona Ana M<sup>a</sup> Pita, quen por expresa petición e interés mostrado po los representantes dos alumnos neste acto, reconsidera a súa postura e decide mantela. Mais recorda que a Comisión encargada de elaboralo grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos prescindiu nun 50% os contidos da materia de Dereito Tributario.

A profa. Dona Fátima García manifesta que este debate sobor da libre elección, non debe servir para debater asuntos da comisión de grao.

A única materia que non se oferta é *Cooperación Xudicial en materia civil, mercantil e laboral*. debido a falta de dispoñibilidade de docentes na área que a imparte.

En relación coas materias de Libre elección a profa Dona Fátima García pregunta si pódense propoñer outras nos casos de renuncia, ao que o Prof. Don Pablo Grande responde que non se pode propoñer novas materias en plans a extinguir. O Prof. Don Javier de Vicente manifesta que lle parece ben o mantemento desas materias, mais non comparte os criterios seguidos para decidir a súa desaparición. Xa que os datos numéricos nos que se basean non se corresponden coa realidade, pois en concreto a materia *Criminoloxía e dereito penal de menores* conta con 47 matriculados e asemade nesta materia pódense ampliar os coñecementos xurídicos. Polo que agradece as xestións feitas polo equipo decanal.

Dona Nieves López congratulase do mantemento das materias de Libre Elección, aínda que non lle parece ben que dende o Reitorado se envíe unha relación de alumnos matriculados incorrecta. E que a solución pode ser a redución da ratio dos grupos de alumnos nas materias de Libre Elección.

O Sr. Decano comunica a continuidade de dous grupos (un pola mañá e outro pola tarde) en cuarto e quinto curso de Dereito.

No sexto punto, o Sr. Vicedecano de docencia, prof. D. Pablo Grande, presenta a proposta de encargo de docencia adxuntada coa convocatoria desta Xunta, e informa das novas no PDA para o curso 2010/2011, que aparecen reflectidas na devandita documentación. Na Licenciatura en Dereito (Rama Económico-Empresarial) en terceiro curso mantense 1 grupo grande e 4 de prácticas, e en cuarto e quinto curso dous grupos grandes e catro de prácticas. Mentras que no primeiro e segundo curso do Grao en Dereito, o número de grupos é de 1 grande, 4 medianos e 5 pequenos. Con relación ao Grao a Profa. Dona Regina Ibáñez Paz, manifesta o interés dende a súa área en manter 6 grupos pequenos na materia de informática ao igual que neste curso, pois deste modo lle resultaría máis axeitado impartir e organizar a súa docencia. Proposta que somete a consideración dos membros da Xunta.

Intervén a Profa. Dona Ana Pita decindo que ese plantexamento debería ser unha aspiración a lograr para todas as materias que se imparten no grao, e non só para informática; entende que non hay

motivos suficientes para un grupo máis en informática, en comparación coas demais materias. Pola súa parte, o Prof. D. Javier de Vicente manifesta que todas as materias deben ser distribuídas no mesmo número de grupos. Ante o debate suscitado, o Sr. Grande procede a someter a votación a proposta presentada inicialmente, que foi aprobada por asentimento.

No sétimo punto aprobase por asentimento o encargo de docencia, para o curso 2010/2011, da Diplomatura en Relacións Laborais, e do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Quedando distribuídos os grupos do seguinte xeito, no primeiro curso do grao 1 grupo grande, 3 medianos e 5 pequenos; no segundo curso do grao 1, 2 e 4 respectivamente. Mentras que no 3º curso da Diplomatura haberá 1 grupo grande e 2 medianos.

No punto adicado a rogos e preguntas o Prof D. Javier de Vicente formula os rogos de que se adopten medidas ( tales como a instalacións de espellos, límites de velocidade, ou un sendero peatonal) para evitar a perigosidade que entranan as saídas do aparcamento, debido a excesiva velocidade dos autobuses. Asemade, roga que se aseguren e revisen as rexillas do segundo andar, co fin de evitar accidentes O Sr. Decano responde que xa por tres veces solicitáronse espellos a Unidade Técnica, e aínda nos se colocaron polo que volveráse outra vez a insistir nelo.

A profa Dona Carmen Ruíz esperaba que na Xunta de hoxe se liquidara e presentara a memoria e o presuposto. Ao que contesta o Sr. Decano que todavía cheguolle no día de hoxe, e que será tratada na próxima Xunta de Facultade.

Por parte dos alumnos formulase a pregunta de si cando se extinga a Diplomatura en Relacións Laborais haberá un curso ponte para pasar ao grao. A elo responde o Sr. Vicedecano de Docencia decindo que o igual que aconteceu na Diplomatura e nos antigos Graduados Sociais hai unhas táboas de adaptación e a implantación farase de forma progresiva. Non existindo a posibilidade de facer un curso.

Intervén o Sr Vicedecano de Relacións Laborais e Recursos Humanos Prof. D. Angel Mariño manifestando que según noticia de prensa o Consello de Universidades prevé nun futuro realizar un único curso para as persoas nesa situación.

Os alumnos presentes nesta Xunta desexan facer constar o desacordo coa decisión da suspensión do POP en *Xestión e Dirección Laboral*. A Profa. Dona Belén Fernández Docampo dí que mentras non se cambie a política de desgravacións non dispoñen de personal cualificado para impartilo máster. A profa, Dona Fátima García entende que si o POP é remunerado non debería haber problema para buscar profesorado, e que ela mesma se brinda para poder axudar a organizar un máster. O Sr. Vicedecano de Docencia remata decindo que isto mesmo xa se debatiu o ano pasado, quedando en punto morto dende aquela, e que temos por diante todo este ano para traballar e poder organizalo, pero hai que comezar canto antes.

Por parte dos alumnos de Relacións Laborais solicítase unha charla informativa sobor das convalidacións entre o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e a Diplomatura actual, e tamén cos graduados sociais. Ao que se lle di que esta información xa se lles está ofrecendo

dende a Secretaría de alumnos. A pregunta feita sobor das prácticas a realizar nas empresas unha vez rematada a Diplomatura, contéstaselle que todo elo canalizase a través da OFOE.

Por último, as alumnas soliciten que a información por e-mail sexa remitida con antelación, respondéndose que neste caso enviouse con un día de antelación por mor da reunión mantida onte mesmo no Reitorado.

Sen máis asuntos que tratar, rematou a sesión ás 15:20 hs., do cal, como Secretaria, dou fe.